

INFORMACIÓN SOLICITUDE DE ADMISIÓN 2022- 2023 (1 – 21 marzo 2022)

Normativa: D.13 de 3/2/2022 (DOG Nº 29 de 11/2/2022), (véxase Disposición derogatoria única.2), O. de 12/3/2013 de admisión de alumnado (DOG Nº 53 de 15/3/2013) modificada pola O. de 25/1/2017 (DOG Nº 22 de 1/2/2017) e a orde do 18 de decembro de 2020 (DOG Nº 256 de 22/12/2020)

• **FORMAS DE OBTENER E CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE** (Anexo II - ED550B):

- **En papel**, solicitude obtida no **centro** ou na **rede**. Cumprimentar, asinar e entregar no centro, coa documentación.
- **Aplicación** "<https://www.edu.xunta.es/admisionalumado/>" **IMPRIMILA E ENTREGALA NO CENTRO.**
- **Sede electrónica da Xunta de Galicia** <https://sede.xunta.gal> (Se dispoñen de certificado dixital ou Chave365, poden presentala en Sede Electrónica asinada dixitalmente polo proxenitor ou representante legal). Neste caso debe **escanear** as sinaturas e toda a documentación a presentar coa solicitude.
Pedímoslle que a solicitude sexa cumprimentada con letra perfectamente lexible e sen abreviaturas.

• **DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ENTREGAR COA SOLICITUDE:**

- **Solicitude (do 1 – 21 de marzo de 2022 - Anexo II - ED550B)** será única, pero poderá anularse mediante a presentación dunha nova, indicando por escrito, dentro do prazo de admisión. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio estará asinada **polos 2 proxenitores**, salvo:
 - que a patria potestade estea atribuída en exclusiva a 1 deles,
 - violencia de xénero,
 - motivo xustificado por calquera medio de proba admitido en dereito
- Documento acreditativo do **requisito de idade do/da alumno/a**. (Copia **DNI** do alumno/a ou **Libro de familia**, no seu defecto)
- **Certificado oficial do expediente académico**. (Solicitar no centro de primaria)
- **Convenio regulador ou resolución xudicial de separación** ou divorcio (se é o caso)
- Documentación que acredite ter **necesidades específicas de apoio educativo** en 1º de ESO (de ser o caso). Estas solicitudes remitiranse á Xefatura Territorial en 10 días hábiles desde a súa presentación, xunto á avaliación psicopedagóxica inicial do equipo de orientación (Art. 38)

Toda a documentación deberá se orixinal ou copia cotexada, ou mostrar o orixinal xunto coa copia.

- As solicitudes duplicadas, as presentadas fora de prazo, as que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a e as que estean acompañadas por documentación que reflecta datos que non se axusten ás circunstancias reais. remitiranse inmediatamente á Xefatura Territorial de A Coruña.
- **INFORMACIÓN (Art. 13.2.d, Orde 12/32017):**
 - 1º. Cada alumna/o só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
 - 2º. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
 - 3º. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

• **DOCUMENTACIÓN DE BAREMO**

(Pode presentarse coa solicitude no prazo do 1-21 de marzo, ou ata o 5 de abril, para solicitude xa presentadas en prazo)

A aplicación informática comprobará os seguintes datos, salvo que se opoña á súa consulta, nese caso deberá presentar dita documentación:

- **DNI** ou **NIE** da persoa solicitante (proxenitora ou titora)
- **Domicilio fiscal**
- **Declaración do imposto sobre a renda, e de imputacións de renda** (necesita autorización na solicitude)
- Condición de **familia numerosa**, expedida pola Xunta de Galicia. Se é de fora de Galicia, sí se presenta.
- **Discapacidade** do alumnado, proxenitores, titores ou irmáns, recoñecida pola Xunta.
- **Si é necesario presentar:** A presentación da documentación xustificativa do baremo non é obrigatoria, pero non presentala en prazo(ata o 5 de abril), supón a valoración de **0 puntos** no correspondente baremo marcado na solicitude. (Art. 17 Orde 12/3/2013 e Art. 9 Decreto 13/2022):
 - **Fotocopia completa do libro de familia** ou equivalente, no caso de ter irmáns no centro. (baremos a, f)
 - **Certificado do padrón municipal** expedido no **2022**, (residencia mínima 1 ano antes do 1/3/2022). A aplicación informática comprobará a coincidencia dos datos do padrón cos datos fiscais. (baremo b1º)
 - **Contrato de traballo e certificado da empresa** ou **alta en AEAT e SS (autónomos)** ou **relación funcional**, para o caso de proximidade do centro de traballo ao centro escolar. (baremo b2º)
 - **Declaración xurada dos ingresos do exercicio de 2020**, No caso en que Facenda non dispoña dos datos tributarios das persoas da unidade familiar, estas deberán achegar un documento xustificativo dos ingresos do exercicio de 2020. Art.23.5. (baremo c)
 - **Contrato de traballo** ou **relación funcional**, no caso de proxenitor ou representante legal que traballe no centro IES Agra do Orzán.(baremo d)
 - **Xustificación de familia monoparental**, certificación expedida pola **DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica** da Consellería de Política Social, da Xunta de Galicia. (baremo g)
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero ou de vítima de terrorismo. (baremos i, j)

DESEMPATE:- A puntuación total acadada conforme os criterios e valoración establecidos nos artigos precedentes decidirá a orde de admisión. Art. 29 Orde de 12/3/2013 modificada pola orde de 25/1/2017.

- No caso de empate na puntuación final, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios atendendo a anterior orde de prelación.

- Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público das letras de prioridade. Art. 29 apartados 3 a 8

CRITERIOS DE PRIORIDADE (BAREMO) (Ver art. 9 Decreto 13-2022)

a) Irmás ou irmáns matriculadas/os no centro e que continúen no curso 2022-2023.(Art. 20)	1 irmá/n	8 puntos
	Seguintes	2 puntos cada un
	Máximo 14 puntos	
b) Proximidade do centro ao domicilio familiar (no que viva o alumno) ou ao lugar de traballo de nai, pai ou titoras/es. Deberá elixir entre o criterio de domicilio familiar ou polo de lugar de traballo (Art. 22)	Domicilio	Área de influencia 8 puntos
		Área limítrofe 4 puntos
	Traballo	Área de influencia 6 puntos
		Área limítrofe 3 puntos
c) Renda anual per cápita da unidade familiar. (Valorada por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)= 6.454,03 €. Declaración 2020 presentada no 2021 (Renda per cápita = suma da base imponible xeral casíña (435) + base imponible de aforro casíña (460) , da declaración do exercicio 2020 presentada no 2021, dividido polo nº de membros da unidade familiar a 28/2/22). Na solicitude debe sinalar exactamente o dato de renda e o número de membros da unidade familiar. Non facelo supón 0 puntos, para este baremo de renda. (Art. 23)	Ingresos per cápita inferiores a 0,5 veces IPREM (inferiores a 3.227,02 €)	3 puntos
	Ingresos per cápita igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces IPREM (entre 3.227,02€ e 4.840,52€)	2 puntos
	Ingresos per cápita igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM (entre 4.840,52€ e 6.454,03 €)	1 punto
	Ingresos per cápita superiores ao IPREM (maior a 6.454,03 €)	0 puntos
d) Nai, pai ou titoras/es que traballen no centro , e continúen no curso 2022-2023, e o alumno sexa menor e conviva con eles.(Art.21)	3 puntos	
e) Condición de familia numerosa antes do final de presentación de solicitudes. (Art. 24)	Categoría especial	3 puntos
	Categoría xeral	2 puntos
f) Irmáns parto múltiple	Se son 2 (8 puntos), se son mais de 2 (10 puntos)	
g) Condición de familia monoparental. (Art. 25)	2 puntos	
h) Discapacidade igual ou superior ao 33 % ou pensión por incapac. permanente total e outras, da alumna/o, da súa nai, pai ou titora/or ou dalgunha/un das/os irmás/áns. Máximo 4 puntos (Art. 26)	Alumna/o	4 puntos
	Proxenitor / titor / nova relación	3 puntos
	Irmás/áns	1 punto cada un
i) Vítima violencia de xénero	2 puntos	
j) Vítima de terrorismo	2 puntos	
k) Criterio establecido polo centro educativo (pertencer a centro adscrito). (Art. 28)	1 punto	
l) Expediente académico de 3º de ESO. (só para acceso a 1º bacharelato). (Art. 27)	Media Sobresaliente.	2 puntos
	Media Notable	1 punto
	Media Ben	0,5 puntos

Calendario do proceso admisión:

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Reserva no centro de orixe 11 xan-8 de febreiro - Sorteio letras prioridade: 1º "V" e "U", 2º "A" e "Z" - Solic. Admisión IES Agra do Orzán ...1-21 de marzo - Prazo documentación baremo23 mar. ao 5 abr. - Listaxe provisional admitidosantes do 25 abr. - Prazo reclamación listaxe provisional ante o consello escolar5 días hábiles | <ul style="list-style-type: none"> - Listaxe definitiva admitidosantes de 15 maio. - Reclamación listaxe definitiva - RECURSO DE ALZADA ante Xefatura Territorial 1 mes desde listaxe definitiva - Matrícula: do 25 de xuño ao 10 de xullo - Dentro do prazo de matrícula, e por motivos organizativos, poden fixarse días específicos para cada curso |
|---|---|

IES Agra do Orzán – Rúa Alcalde Liaño Flores, s/n 15010 A Coruña. - Tel. 881880080 - email: ies.agra.orzan@edu.xunta.gal
 Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraorzan/> Ap. informática admisión: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>

IES públicos A Coruña	Dirección	Teléfono	IES públicos A Coruña	Dirección	Teléfono
IES A Sardiñeira	Avenida da Sardiñeira 41	881960150	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	Praza de Pontevedra 20	881960060
IES Agra do Orzán	Rúa Alcalde Liaño Flores s/n	881880080	IES Plurilingüe Rafael Dieste	Ronda de Outeiro 334	881960930
IES Fernando Wirtz Suárez	Rúa Cabaleiros 1	881960260	IES Rafael Puga Ramón	Rúa Leopoldo Alas Clarín 4	981080188
IES Monelos	Rúa Montes 62	881880041	IES Ramón Menéndez Pidal	Rúa Instituto Zalaeta	981203000
IES Monte das Moas	Rúa José María Hernansaez 23	981284377	IES Ramón Otero Pedrayo	Avenida Monelos 10 A	981286854
IES Plurilingüe Adormideras	Rúa Juan Sebastián Elcano 28	881880086	IES Salvador de Madariaga	Rúa Paseo de Ronda 49	881960235
IES Plurilingüe Elviña	Rúa San José de Calasanz 6	881961061	IES Urbano Lugrís	Avenida de Arteixo	881960715

A normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición resolverase atendendo á normativa vixente.